



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 5/08/2021, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
MARIÑO LOPEZ, M^a. Rocio (PSOE)
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

NON ASISTEN

CON EXCUSA

CONCELLEIROS

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:30 horas, do día 5/08/2021, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación en primeira convocatoria, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

- 1º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.
- 3º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 6/2021, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CREDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE DISTINTA AREA DE GASTO.
- 4º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 7/2021, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, FINANCIADO CON REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERÍA.
- 5º SOLICITUDE Á EXCEMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DO VIARIO NA RUA CHARCA – FASE 1 E FASE 2".
- 6º MOCIÓNS DE GRUPOS POLITICOS.
- 7º RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA.
- 8º ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de comezar a tratar os puntos que compoñen a orde do día, o Sr. Alcalde-Presidente comunica aos membros da corporación presentes que o concelleiro José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular, co número 1639 (RE) de 5/08/2021, presenta escrito no que xustifica a ausencia do seu grupo a esta sesión plenaria, pola reiteración no incumprimento do prazo establecido entre a convocatoria e a celebración da sesión así como polo retraso na remisión de copias das actas das sesións da Xunta de Goberno Local.

1º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometida a votación a acta da sesión ordinaria do pleno da corporación de 2/06/2021, é aprobada por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BN).

2º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

Tendo en conta que do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, desprendese que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos empregados públicos, e ao Alcalde-Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou áreas e a súa asignación individual.

Considerando que desde o día 4/05/2021, o posto de secretaría intervención está vacante nesta corporación e esta situación incrementa a carga de traballo que soportan certos



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

empregados públicos, para que esta vacante non repercuta negativamente nos servizos que presta este concello.

Considerando que na Tabla que de seguido se indica, móstranse os emolumentos que corresponden ao posto de secretaría – intervención que están orzamentados e non se consumen:

		EMOLUMENTOS NON CONSUMIDOS		
SECRETARIA	MENSUAL	XUÑO	XULLO	AGOSTO
SOLDO	1.214,39 €	1.214,39 €	1.214,39 €	1.214,39 €
ANTIG	233,70	233,70 €	233,70 €	233,70 €
C.D.	951,46	383,19 €	383,19 €	383,19 €
C.E.	1.912,05 €	552,38 €	552,38 €	552,38 €
TOTAL	4.311,60 €	2.383,66 €	2.383,66 €	2.383,66 E
SUMATORIO		2.383,66 €	4.767,66 €	7.150,98 €

Tráese ao Pleno da corporación a proposta de incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de 4.500,00 € (un 62,93%), e a partida orzamentaria 920/226.04 de Servizos de Asistencia Xurídica na contía de 2.650,98 € (un 37,07%), que se corresponden cos emolumentos non consumidos durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2021 do posto de secretaría – intervención.

O Pleno da Corporación por 6 votos a favor, (4 PSOE E 2 BNG), adopta o seguinte acordo:

1º) Incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de **catro mil cincocentos euros** (4.500,00 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto ou que afecten baixas e altas de créditos de persoal.

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaría – intervención non consumidos durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2021.

2º) Incrementar a partida orzamentaria 920/226.04 de Servizos de Asistencia Xurídica na contía de **dous mil seiscentos cincuenta euros e noventa e oito céntimos** (2.650,98 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións de distinta área de gasto.

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaría – intervención non consumidos durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2021.

3º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 6/2021, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CREDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE DISTINTA AREA DE GASTO.

Mediante Providencia da alcaldía de data 5/08/2021, e coa finalidade de seguir costeando as necesidades da Concellería de Servizos Sociais desta corporación, e de continuar coa prestación do servizo de asistencia xurídica, iniciouse este expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos entre distintos grupos de función.

Na mesma data achégase memoria do Sr. Alcalde-Presidente na que se especifica a modalidade da modificación de crédito, a financiación da operación e a súa xustificación.

Con data 2/08/2021 emítase informe pola secretaría accidental sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Con data 2/08/2021, emítese informe pola intervención accidental polo que se informa favorablemente a proposta da alcaldía.

De conformidade co establecido no artigo 179.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación por 6 votos a favor, (4 PSOE e 2 BNG), adopta o seguinte acordo:**

1º) Aprobar o expediente de modificación de créditos número 6/2021, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, por importe de **catorce mil seiscentos cincuenta euros e noventa e oito céntimos** (14.650,98 €), co seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	TRANSF. CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROGR.	ECONO.				
312	480.00	A familias e Institucións sen fins de lucro	12.000,00 €	-12.000,00 €	0,00 €
231	227.06	Estudios e traballos técnicos	7.000.00 €	12.000,00 €	19.000,00 €
920	120.01	Soldo	14.569,66 €	-1.350,57 €	13.219,09 €
920	120.06	Antigüidade	8.526,56 €	-259,90 €	8.266,66 €
920	121.00	Complemento Destino	19.677,52 €	-426,17 €	19.251,35 €
920	121.01	Complemento Especifico	37.226,26 €	-614,34 €	36.611,92 €
920	226.04	Servicios Asistencia Xurídica	20.000,00 €	2.650,98 €	22.650,98 €
		TOTAL	119.000,00 €	0,00 €	119.000,00 €

2º) Expoñer este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios da casa do concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince (15) días, durante ese prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

4º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 7/2021, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, FINANCIADO CON REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERÍA.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispoñe de remanente líquido de Tesourería segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, o Sr. Alcalde-Presidente propuxo a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería.

Visto que con data 5/08/2021, O Alcalde-Presidente emite unha Memoria na que se especifica a modalidade da modificación do crédito, a financiación da operación e a súa xustificación.

Visto que con data 5/08/2021, a Secretaría - Accidental emite informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 5/08/2021, a Intervención - Accidental emite informe polo que se informe favorablemente a proposta da alcaldía.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, adopta por 6 votos a favor, (4 PSOE e 2 BNG), adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 7/2021, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de **noventa e sete mil dezasete euros** (97.017,00 €), co seguinte detalle:

Suplemento en aplicación de gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	SUPLEM. CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROGR.	ECONO.				
011	359.00	Comisións, Transferencias bancarias	800,00 €	3.600,00 €	4.400,00 €
231	221.04	Vestiaro	0,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
231	226.09	Actividades Culturais Deportivas	0,00 €	4.917,00 €	4.917,00 €
231	227.06	Estudios e Traballos Técnicos	7.000,00 €	28.000,00 €	35.000,00 €
920	220.01	Prensa, Revistas, Libros e outras publicacións	4.000,00 €	4.000,00 €	8.000,00 €
920	226.07	Oposicións e probas selectivas	0,00 €	4.500,00 €	4.500,00 €
920	227.00	Limpeza e aseo	45.000,00 €	30.000,00 €	75.000,00 €
920	214.00	Elementos de Transporte	18.000,00 €	12.000,00 €	30.000,00 €
920	226.04	Servicios Asistencia Xurídica	20.000,00 €	8.000,00 €	28.000,00 €
		TOTAL	94.800,00 €	97.017,00 €	191.817,00 €

Esta modificación financiase con cargo o Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap	Art.	Conc.		
870	00		Remanente Líquido Tesourería	97.017,00 €
			Total	97.017,00 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 397/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º) SOLICITUDE Á EXCEMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DO VIARIO NA RUA CHARCA – FASE 1 E FASE 2”.

Visto o expediente de solicitude de subvención nominativa á Excema. Deputación Provincial de A Coruña, coa actuación “MELLORA DO VIARIO NA RUA CHARCA – FASE 1 E FASE 2” por importe total de cento vinte e tres mil trescentos dez euros e noventa e tres céntimos (123.310,93 €).

O Pleno da Corporación por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) adopta o seguinte acordo:

1º) Solicitar da Excema. Deputación Provincial unha subvención nominativa para realizar a actuación denominada “Mellora do viario na rúa Charca – Fase 1 e Fase 2”, por importe total de cento vinte e tres mil trescentos dez euros e noventa e tres céntimos (123.310,93 €).

2º) Aprobar a aportación económica municipal do 47,29% desta obra que importa a contía de cincuenta e oito mil trescentos trece euros e setenta e catro céntimos (58.313,74 €).

3º) Aprobar a correspondente modificación orzamentaria, na que se consigne a parte correspondente a aportación municipal, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

4º) Aprobar o interese provincial desta actuación, así como a declaración de que se trata dunha inversión financeiramente sostible.

6º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLITICOS.

6.1) MOCIÓN SOBRE A NOVA TARIFA ELECTRICA

Dada conta da moción presentada polo tenente de alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), co contido que de seguido se indica:

“Exposición de motivos:

O pasado 8 de marzo de 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que eta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do fortes impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8 h e as 13 h pola mañá e as 18 h e 23 h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posible.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo iso nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate a aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1 - Trasladar ao goberno central o rexeitamento por parte do concello de Fisterra da súa política enerxética por contribuir ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2 – Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

- Intervén o Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE), manifestando que a moción é demasiado complexa. Persoalmente, eu pago agora menos que antes. Que os países que xeran enerxía teñan prezos baratos significa que van pagar mais aqueles países que no xerar enerxía. Hai que ter en conta que nós temos outras carencias, e somos agraciados polas políticas de cooperación entre comunidades para non saír prexudicados.

Vemos que as protestas do sector gandeiro manifestadas a través de tratoradas, non repercuten no resultado electoral, xa que o partido máis votado segue a ser o Partido Popular. Tamén existen subvencións de ata o 80% para as explotacións gandeiras co que o custo enerxéticos destas explotacións é asumible. Tamén no sector da hostalería onde o ocio nocturno vai saír beneficiado.

Con isto quero dicir que é difícil presentar este tipo de moción, polo que propoño deixala sobre a mesa e facer un estudio mais exhaustivo onde encontrarnos, xa que en caso contrario imos votar en contra.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Intervén o Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), manifestando que nós falamos de territorio, non de país. Tivemos unha rebaixa cativa de autopistas e nos independentemente de a quen voten os gandeiros, mariñeiros, nais e pais, nos imos seguir defendendo a este país e a este pobo. Se agora pagas menos, con aprobación desta moción pagarías moito menos. Non imos deixar o asunto sobre a mesa, queremos que se proceda á votación.

Seguidamente, sometida a votación e rexeitada por catro votos en contra (PSOE) e dous votos a favor (BNG).

6.2) MOCIÓN SOBRE O PARQUE EOLICO

Dada conta da moción presentada polo tenente de alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), co contido que de seguido se indica:

“Exposición de motivos:

Que en data 16 de xuño de 2021 publícase na páxina web do MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

<https://sede.miteco.gob.es/portal/site/seMITECO/navServicioContenido>.

o inicio de expediente con código de avaliación ambiental: 20210205, Código para o Órgano Sustantivo: PEOL-507, PARQUE EÓLICO SEMBRA, DE 67,2 MW, E A SÚA INFRAESTRUCTURA DE EVACUACIÓN, TT.MM. DE CEE, DUMBRIA E FISTERRA (A CORUÑA), pendente de datas de consultas e exposición pública.

Que a entidade VOLANTIS RENOVABLES, S.L.0 REPRESENTANTE: JUAN JESUS BERZOSA ARANGU, é o promotor de dito proxecto, que presenta un proxecto de parque eólico de 67,2 MW, formado por 12 aerogeradores de 5,6 MW de potencia, e unha Liña de evacuación con punto de conexión coa subestación eléctrica no Parque Eólico de Paxareiras II, con mais de 8 km de lonxitude nas dúas alternativas presentadas.

Consideración xerais:

PRIMEIRA. Consideración xeral 1º: Sobre a falta de proporcionalidade e de carácter regulado na tramitación de parques eólicos, a marxe da planificación eólica existente.

Considerando que a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, recolle no seu artigo 53, que as autorizacións de parques eólicos de potencia superior aos 50 MW son competencia da Administración Xeral do Estado.

E que no seu apartado 6 recolle a seguinte previsión normativa:

Artigo 53 Autorización de instalación de transporte, distribución, produción e liñas directas

6. Os procedementos administrativos de autorización teran carácter regulado e respectaran os principios de obxectividade, proporcionalidade, transparencia, igualdade e non discriminación..... ,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Valórase que a tramitación deste parque é un claro exemplo de non respectar o carácter regulado e o principio de proporcionalidade previsto na norma citada anteriormente, por parte do organismo responsable da súa tramitación, a Administración Xeral do Estado. En base as seguintes consideracións:

- Sobre o carácter regulado a nivel galego e a nivel Costa da Morte e capacidade de carga do territorio totalmente sobrepasada:

Nestes momentos a Administración Xeral do Estado ten en diferentes fases de tramitación administrativa ata 2.524 MW. Unha capacidade eólica á marxe das previsións e do "carácter regulado" da Planificación Eólica de Galiza, recollida no DECRETO 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cabe indicar que sobre parte da área de tramitación do PE de Sembra, tamén figura a poligonal da solicitude correspondente ao Parque eólico Outeiro e Parque eólico Paxareiras II-CO-11 e o Parque Eólico Alto da Croa, de tramitación autonómica e incluídos nunha Área de Desenvolvemento Eólico da planificación Eólica de Galiza.

Que o propio estudio presentado recoñece que nun entorno de 15 km respecto das instalacións previstas existen un total de 27 parques eólicos que acollen un total de 339 aeroxeneradores, así como 11 liñas de alta tensión que suman 112 km.

- Sobre o principio de proporcionalidade:

Visto o anterior, valórase que a Administración Xeral do Estado está incorrendo nun uso excesivo da competencia que ten atribuída para o desenvolvemento de instalacións de xeración superiores a 50 Mw. Esta expansión eólica modifica substancialmente a planificación eólica vixente na Galiza, que xa de por si ten sobrepasada a capacidade de carga do territorio para este tipo de instalacións.

No seu conxunto, este desenvolvemento eólico diferenciado, un o que promove a Administración Xeral do Estado, o outro, o que desenvolve a Xunta, pouco teñen que ver co que debería ser unha planificación eólica ordenada. Ademais de que este parque eólico non garda coherencia co deseño eólico considerado no DECRETO 302/2001.

SEGUNDA.- Consideración xeral 2º: Sobre a deficiente avaliación ambiental destes proxectos no contexto de desenvolvemento eólico, e a súa incidencia negativa.

Considerando que a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, recolle no seu artigo 53, apartado 7, a seguinte previsión normativa:

Artigo 53 Autorización de instalación de transporte, distribución, produción e liñas directas

7. A Administración Pública competente unicamente podera denegar a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos na normativa aplicable ou cando terra unha incidencia negativa no funcionamento do sistema.

Considerando que a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu preámbulo que a avaliación ambiental resulta indispensable para a protección do medio ambiente. Facilita a incorporación dos criterios de sostibilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da avaliación dos plans e programas. E a través da avaliación de proxectos, garántese unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que poidan xerar, o tempo que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando que a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu artigo 6, sobre o "ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica", a seguinte previsión normativa:

1. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consejo de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando:

a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran a agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do solo;...

Valórase que a falta de sometemento dunha AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA de todo o conxunto do desenvolvemento eólico galego (o recollido na Planificación Eólica de Galiza dependente da Administración Autonómica, e o que se desenvolve de modo independente a través da Administración Xeral do Estado), altera a debida avaliación ambiental que sería de agardar conforme ás previsións recollidas nas seguintes normas de carácter europeo:

- Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa a avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. (DOUE L 26 /1 de 28.01.2012)

- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire a participación do público ó acceso a xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello.

- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197/30, 21-07-01)

Valórase que esta falta de avaliación ambiental estratéxica deriva "nunha incidencia negativa no funcionamento do sistema" e de "inseguridade xurídica", establecido no 53.7 da Lei sector eléctrico, do seguinte modo:

A) O sistema (referido a produción eólica planificada nun territorio) hai que entendela coma un todo non fragmentado en partes sometidas a avaliacións ambientais independentes.

A actual expansión eólica, suma da parte que promove a Administración Xeral do Estado e a que desenvolve a Administración Autonómica (a través do Decreto 302/2001), nin no seu conxunto, nin por separado, se ten sometido a dito proceso de avaliación coma Plan conxunto, conforme o disposto no artigo 6 da Lei 21/2013.

Ocupación eólica dentro da Planificación eólica galega. Non figuran os 2.524 Mw distribuídos en 36 parques que está a tramitar a Administración Xeral do Estado (<https://sede.miteco.gob.es/portal/site/seMITECO/navServicioContenido>)



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

B) POR INSEGURIDADE XURÍDICA:

Este escenario de indebida avaliación ambiental incluso vai en contra da previsión de seguridade xurídica prevista na Lei 21/2013, pois xa no seu preámbulo a norma recolle que: "Así mesmo, esta lei incrementa a seguridade xurídica dos promotores. O establecemento duns principios aos que debe someterse a avaliación ambiental e o chamamento a cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente determinará o desenvolvemento dunha lexislación homoxénea en todo o territorio nacional, que permitirá aos promotores coñecer de antemán cales serán as exixencias legais de carácter medioambiental requiridas para a tramitación dun plan, un programa o un proxecto, con independencia do lugar onde pretenda desenvolverse".

Consideracións específicas do proxecto:

TERCEIRA.- Impacto crítico no Camiño de Santiago, e xacementos arqueolóxicos.

Valórase especialmente grave a afección paisaxística sobre o último treito do Camiño de Santiago, Santiago - Fisterra. Considerándose un impacto crítico unha das alternativas propostas.

Do mesmo modo, preocupa a afección sobre numerosos conxuntos de mámoas, ata un total de 25, considerándose de impacto crítico, pola proximidade dos aeroxeradores.

Resulta inaceptable que o estudo presentado asuma que tanto o impacto sobre o Camiño de Santiago, coma sobre os xacementos arqueolóxicos resulte moderado, e considerando compatible sobre a paisaxe, dado que:

-O treito do Camiño de Santiago, entre Campo de San Pedro Mártir, Portela do Lousado, Alto do Outeiro, e Campolongo, na baixada cara Cee, discorrería a menos de 200 metros de varios aeroxeradores dos previstos nunha das dúas alternativas propostas o 2, 9 e 12, e moi próximos ao 10 e 11.

-O aeroxerador número 12, nunha das alternativas propostas, situaríase a menos de 200 metros do singular fito do camiño que marca o Cruceiro da Armada:

Na guía do Camiño, coñecida como XACOPEDIA, patrocinada pola Xunta de Galicia e Turismo de Galicia, descríbese este treito do Camiño do seguinte modo:

"O peregrino que descende da ermida de San Pedro Mártir e dirixe os seus pasos en dirección sudoeste a través dos solitarios paraxes do chan de Armada, deixando atrás os Petóns de Armada e Campolongo, vai admirando por primeira vez as amplas paisaxes da comarca de Fisterra. Pero é ao chegar ao punto denominado cruceiro de Armada (247m) onde é consciente de chegar a un dos fitos mais importantes do seu Camiño. E é que nese punto o peregrino divisaba e divisa por primeira vez o mar da fin do mundo. O vello cruceiro do que apenas quedaban restos ata data recente, so unha parte do seu varal, da paso xa a descarnada baixada que leva a Cee e a costa de Fisterra".

-O aeroxerador 3 e 4 afectarían a zona de amortecemento do Petón de Ferreñas. O 3 e o 2 estarían a menos de 400 metros da Ermida de San Pedro Mártir e as Mámoas de San Pedro I e II. O aeroxerador 2 a 500 metros do campo de Mámoas conformado polo conxunto de mámoas do Monte San Pedro e mámoas do Alto das Maias.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Os aerogeradores 8 e 9 sitúanse moi próximos ás mámoas de Fonte da Pedra, a Mámoa de Fonsemao II, e nas proximidades dos lugares de Sembra e Carbalizas (menos de 800 metros).

- Os aerogeradores 7 e 6 próximos as Mámoas de Fonsemao 4, 3, e 1. Unha liña subterránea entre o grupo de aerogeradores 6 e 7 co 8 e 9, cruzaría entre 50 e 200 metros sobre este campo de mámoas.

CUARTA. A outra alternativa inclúe aerogeradores dentro do Concello de Fisterra.

Este Concello ata estes momentos mantén os seus cumes libres de instalacións, co que vén preservando a singularidade paisaxística da península de Fisterra e o seu cabo, un referente xeográfico universal, visible dende moitos quilómetros do litoral e dende a costa. Do mesmo modo considerase crítico o impacto paisaxístico por todo o que supón o entorno de cumes saíntes sobre o mar que acompañan ao Cabo Fisterra.

A alternativa contempla 2 aerogeradores, e un terceiro compartido con Cee, localizándose no primeiro alto da península ou saínte xeográfico que conforma este Concello na súa unión con Cee.

Que fronte a alternativa de localización dos aerogeradores 10, 11 e 12, na zona do Cruceiro da Armada en Cee, o promotor propón outra posible localización dentro do Concello de Fisterra (dous integramente e un compartido con Cee), no monte de inicio da península de Fisterra, sobre a zona do Chan da Gándara e Monte de Sardiñeiro, visible dende o Camiño de Santiago no seu último treito. Cunha alta afección paisaxística visible dende o propio Cabo Fisterra, dende o Cabo Touriñán, Monte Pindo, e Faro Lariño, e dende o horizonte marítimo.

QUINTA. Posible incompatibilidade co heliporto de Ruíbo.

Que á construción deste parque eólico non ten en consideración o disposto no Decreto 1844/1975, do 10 de xullo, polo que se definen as servidumes aeronáuticas correspondentes os heliportos, atopándose os aerogeradores 4, 5, 6 e 7 a menos de 2000 m da pista de aterraxe do Heliporto de Ruíbo, cuns aerogeradores con mais de 178 metros de altura (105 de buxe, e 73 de pala).

Non se presenta estudo aeronáutico e afeccións a servidume e efectos sobre as comunicacións.

Este parque podería supor o peche definitivo dunhas instalacións con menos de 10 anos que nestes momentos están incompreensiblemente pechadas.

SEXTA. Afeccións á fauna: sobre a poboación de lobo mais occidental de Europa.

Que o Estudo de Impacto Ambiental obvia a presenza no lugar coma zona de reprodución de lobo (*Canis lupus signatus*), especie sometida a Plan de Xestión mediante o DECRETO 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia, e que no seu punto 18 recolle a previsión de considerar sobre esta especie o "efecto barreira das infraestruturas", do seguinte modo:

5. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza fomentará que nas avaliacións de impacto ambiental de proxectos de implantación eólica se inclúan datos sólidos sobre a presenza de lobos nas áreas de influencia e se realice unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc. Ademais, realizarase un estudo de cuestións como a estrutura social das mandas, produtividade, mortalidade, uso do espazo e selección



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

de zonas de cría en zonas con e sen parques eólicos, entre outras, que permitirán avaliar o impacto dos parques eólicos nos lobos.

Considerando que existe na Galiza un importante grado de solapamento entre as áreas de desenvolvemento eólico e as de ocupación de grupos reprodutores de lobo, para o que non se conta con "datos sólidos" sobre as posibles afeccións que se poidan estar dando;

Considerando que na poboación de lobo presente na parte de Portugal, que forma parte da mesma poboación de lobo ibérico *Canis lupus signatus*, tense avaliado por medio de programas de estudo e seguimento científico o efecto de solapamento entre áreas de ocupación eólica e grupos reprodutores de lobos;

Que ditas investigacións indican que un 55% dos grupos existentes en Portugal coinciden con áreas eólicas. Na que dita coincidencia espacial entre lobos e parques eólicos, e o feito, de que constitúen unha potencial fonte de perturbación para a especie, suscita preocupacións entre a comunidade científica, no que respecta á conservación deste carnívoro ameazado.

Que as conclusións de ditas investigacións figuran recollidas en diversas publicacións científicas, tales como:

- *Chapter 5 The Indirect Impacts of Wind Farms on Terrestrial Mammals: Insights from the Disturbance and Exclusion Effects on Wolves (Canis lupus) Gonçalo Ferrão da Costa, Jodo Paula, Francisco Petrucci-Fonseca and Francisco Alvares.*

© Springer International Publishing AG 2018 M. Mascarenhas et al. (eds.), *Biodiversity and Wind Farms in Portugal* https://doi.org/10.1007/978-3-319-60351-3_5

Que entre ditas conclusións recollese que "os parques eólicos poden provocar una inestabilidade reprodutora, quedando reflectida no abandono de centros de actividade máis próximos aos aeroxeradores e na elección de novos lugares de reprodución con índices de calidade de hábitat máis baixos. Estas respostas de comportamento, poden dificultar a conectividade dentro e entre os territorios das mandas, aumentando a inestabilidade reprodutora, especialmente en paisaxes xa humanizados.

O estudo de impacto ambiental non recolle medidas que se adoitarían para a súa protección durante a fase de construción e funcionamento do Parque por ocupación directa de hábitats de cría e posibles colisións.

SEPTIMA.- Que este parque eólico, coma a súa liña de evacuación, pon de manifesto que existe unha grande preocupación no modo no que a enerxía eólica esta a experimentar unha expansión que resulta irracional e desproporcionada, á vista do grande número de proxectos que se están a tramitar, tanto pola Administración Autonómica coma a Administración Xeral do Estado. Entendemos que se trata dunha situación tan abusiva coma insostible resulta, e cunhas repercusións que poden resultar moi negativas para un conxunto moi amplo da poboación que vive no rural, así coma para o territorio e o medio ambiente.

Valórase que resulta preciso que ambas administracións, Xunta e Goberno Central, reconsideren o estado actual do desenvolvemento eólico e aproben unha moratoria eólica, coa que se proceda a paralización inmediata de todos estes proxectos.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Que dita moratoria serva de punto de inicio para elaborar unha nova Planificación Eólica, asentada en criterios de proporcionalidade, racionalidade e equilibrada co territorio, o patrimonio natural, cultural e respectuosa coas actividades turísticas, agrogandeiras e forestais.

Dende o BNG entendemos que este proxecto debe ser rexeitado polo impacto crítico sobre o último treito do Camiño de Santiago e a paisaxe do accidente xeográfico universal do Cabo Fisterra.

É por este motivo, e en virtude deste anuncio de propósito de construción deste parque eólico con aerogeradores xigantes en altos de Dumbría, Cee e Fisterra, propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar ao goberno municipal que traslade ao Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico o seu rexeitamento ao PE de Sembra, polo grave impacto ao final do Camiño de Santiago, e a paisaxe sobre a península de Fisterra.
2. Promover unha posición conxunta de rexeitamento entre os concellos afectados, de Dumbría, Cee e Fisterra.
3. Que dende este Concello se emita informa negativo deste proxecto e darlle traslado ao Ministerio.
4. Instar a Xunta de Galiza e a Administración Xeral do Estado acorden unha moratoria eólica, coa que se proceda a paralización inmediata dos proxectos que se atopan en tramitación na Galiza, e que serva de punto de inicio para elaborar unha nova Planificación Eólica, asentada en criterios de proporcionalidade, racionalidade e equilibrada co territorio, o patrimonio natural, cultural e respectuosa coas actividades turísticas, agrogandeiras e forestais. estes proxectos.

Fisterra, 8 de xullo de 2021

Xan Carlos Sar Oliveira
Portavoz BNG de Fisterra"

- Intervén o Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), manifestando que o BNG considera inaudito que as eólicas queiran ocupar o fin do camiño co Parque de Sembra e Tedín.

- Intervén o Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE), manifestando que o efecto sobre Fisterra é practicamente nulo nunha das versións, e na outra versión é nulo. Vai haber 1 eólico no límite do concello, por iso non vexo impacto sobre o noso territorio.

Nesta moción hai demasiado lexislación que tería que mirar ou pedir que me expliquen. No que respecta coa enerxía, se queremos renovables imos ter que convivir con aerogeneradores, con placas fotovoltaicas, etc.

Xa chegamos tarde para intentar facer da Costa da Morte unha reserva sen eólicos, pois xa hai demasiados instalados. O que é certo é que os concellos que teñen eólicos teñen beneficios económicos.

É certo que en Cee hai máis impacto, polo que poden votar en contra. Dumbría está cheo de eólicos, pero vai aprobar este parque porque vai recibir mais diñeiro, e en política necesitamos diñeiro para poder facer cousas.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Intervén o Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), manifestado que poden instalar 2 ou 3 muíños en Sardiñeiro, polo que se non se aproba esta Moción imos presentar unha alegación a nivel particular.

Seguidamente, sometida a votación e rexeitada por catro votos en contra (PSOE) e dous votos a favor (BNG).

6.3) MOCION SOBRE A DECISIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACION DE AGRUPAR NUNHA UNICA AULA A DEZAOITO CRIANZAS DE IDADES COMPRENDIDAS ENTRE OS 6 E OS 12 ANOS

- Intervén o Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), manifestando que non vai ser posible presentar esta moción en representación da totalidade da corporación municipal, debido a ausencia do Partido Popular, pero si é posible presentar esta Moción como unha Moción proposta polo equipo de Goberno Municipal.

A razón de que o Partido Popular non asista ao pleno de hoxe é para non ter que mostrar a súa negativa a apoiar esta Moción. Resulta que en Laracha, un concello gobernado polo Partido Popular foron capaces de conseguir unha excepción da Xunta para realizar unha agrupación similar a que propón a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que no pechen unha unidade no colexio de Caión.

- Intervén o Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE), manifestando que estes recortes aos que nos ten acostumados á Xunta non se dan só en Educación, tamén afectan á sanidade, por exemplo, se vas ao médico a pedir unha cita, danche cita para a semana que ven.

Seguidamente, sometida a votación a proposta do grupo de goberno municipal, é aprobada por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG), co seguinte contido:

“Exposición de motivos:

Despois de máis dun ano sufrindo as consecuencias derivadas da Covid-19, semellaba que a pandemia estaba camiño de controlarse parcialmente gracias ás medidas sanitarias adoptadas e a unha campaña de vacinación que avanza a un ritmo aceptable.

Os últimos datos de contaxios amosan que o virus segue entre nós, e atendendo a que no verán a efectividade das medidas de contención da propagación pode verse comprometida e que a inmunización de grupo non chegará ata ben entrada o outono, parece lóxico manter as recomendacións sanitarias de organizacións como a OMS, que determinan que, para minimizar os contaxios e expansión da pandemia, é imprescindible gardar a distancia social e evitar encontros presenciais numerosos en recintos pechados durante un tempo prolongado.

No ámbito educativo, en Galiza as escolas ubicadas no medio rural ofrecen unha vantaxosa alternativa educativa de proximidade e atención educativa de alta calidade. E nesta altura, esta vese reforzada aínda por constituíren unha contorna sanitaria protectora para as nosas crianzas na etapa infantil e parte da educación primaria.

Non entanto, o goberno galego, entre preocupantes e recentes gromos da pandemia por coronavirus, con sempre imprevisíbeis consecuencias nas semanas e meses vindeiros, que obrigarían a un goberno responsábel a asegurar un maior investimento que blinde a atención sanitaria e educativa, segue coa súa política de erradicación sistemática de escolas no rural.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Este é o caso do CEIP Areouta, en Sardiñeiro, Fisterra. Un centro que acolle a 9 crianzas de infantil e 18 de primaria, que se distribuíron neste curso que acaba de rematar do xeito seguinte: unha aula, na que se agrupaban as crianzas de 3, 4 e 5 anos; e outras dúas, nas que se repartían as outras dezaeito de primaria. Unha organización, que sen ser a ideal, garantía unha docencia de calidade e o mantemento das medidas sanitarias de prevención da Covid-19.

O día 30 de xuño, comunicóuselle á dirección do centro que todas as crianzas de primaria se ían agrupar nunha única aula. O que supón que dezaeito nenas e nenos, de idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, recibirían no próximo curso atención educativa de xeito conxunto, nunha única aula, e coa conseguinte amortización do número de docentes.

Decisión que, de confirmarse, constituiría unha decisión irresponsábel dende o punto de vista sanitario, atendendo ao incerto da evolución e control da pandemia, e un auténtico disparate dende o punto de vista pedagóxico.

É por este motivo, e en virtude deste anuncio de propósito de agrupar nunha única aula os e as nenas do CEIP Areouta de Sardiñeiro, dende o BNG de Fisterra, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza a tomar en consideración o tempo excepcional que estamos a vivir do punto de vista sanitario, así coma a idoneidade pedagóxica, para reverter esta decisión de agrupar nunha única aula a dezaeito crianzas de idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos, coa finalidade que as crianzas matriculadas podan recibir un ensino de calidade con garantías sanitarias, mantendo a distribución e agrupación adoptadas neste curso pasado.

2. Manifestar o apoio de toda a corporación municipal a ANPA do CEIP Areouta de Sardiñeiro nas súas reivindicacións”.

7º) RESOLUCIÓN DITADAS POLA ALCALDIA.

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 139 de 2/06/2021 ata a número 233 de 03/08/2021.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai rogos nin preguntas.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 21:45 horas, do que, como secretario-accdtal, dou fe.